



DECRETO DA PRESIDENCIA

ASUNTO: aplicación táboa salarial de 27.01.2020 ao persoal de bolsa.

EXPEDIENTE: 2020/G003/000150 **EXPEDIENTE ORIXE:**2020/X999/000181

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe proposta da Xerencia de data 11.09.2020 en relación cos criterios interpretativos sobre a determinación das retribución do persoal de intervención contratado a través da bolsa de emprego de bombeiro-condutor, cuxo teor literal é o seguinte:

<<Emítase o presente informe de conformidade co establecido no artigo 16º.2 c) e d) dos Estatutos reguladores do Consorcio, aprobados mediante Decreto 258/2002, do 30 de xullo (modificados por Decreto 151/2006, do 31 de agosto e Decreto 62/2009, do 12 de marzo).

Por Decreto da Presidencia núm. 143/2019 de data 02.12.2019 foron aprobadas as Bases reguladoras da convocatoria dun concurso-oposición para a creación dunha bolsa de emprego temporal de bombeiro-condutor para atender necesidades temporais e interinidades no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña; que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 233 de data 09.12.2019. (Corrección de erros Decreto da Presidencia núm. 147/2019 de data 12.12.2019 (Boletín Oficial da Provincia núm. 238 de data 16.12.2019), Decreto da Presidencia núm. 03/2020 de data 09.01.2020 (Boletín Oficial da Provincia núm. 6 de data 10.01.2020) e Decreto da Presidencia núm. 35/2020 de data 04.03.2020 (Boletín Oficial da Provincial núm. 47 de data 10.03.2020)).

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, mediante Resolución da Presidencia núm. 98/2020, do 12.06.2020 aprobouse o listado provisional de admitidos ao proceso de selección, outorgándose un prazo de tres días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita resolución no taboleiro de anuncios do Consorcio, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio (15.06.2020) para emendas.

Finalizado o mencionado prazo, e de conformidade co establecido na Base 8 das que regulan a convocatoria, mediante Decreto da Presidencia núm. 103/2020 de 26.06.2020 aprobouse a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo, convocando ao tribunal para a valoración dos méritos dos aspirantes, correspondentes á fase de concurso.

Rematada a fase de concurso, logo das reunións do tribunal para a valoración de méritos realízase os días 29.06.2020, 01.07.2020 e 03.07.2020, convocouse aos aspirantes para a realización das probas físicas correspondentes á fase de oposición, que tiveron lugar o día 09.07.2020.

Logo da resolución das alegacións polo tribunal, mediante Decreto da Presidencia núm. 121/2020, de 07.08.2020 aprobouse a bolsa de emprego temporal de bombeiro-condutor para atender necesidades temporais e interinidades no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, que inicialmente quedará integrada por aquelas persoas que teñan superada a fase de concurso-oposición e teñan acreditado calquera dos supostos que lle eximen da realización do curso de formación da base 11, das reguladoras do proceso de selección.

Durante o mes de agosto realizáronse as primeiras contratación de persoal a través da devandita bolsa de emprego, pero agora afloran dúbidas sobre a aplicación das retribucións a través da aplicación da táboa salarial aprobada en sesión plenaria de 27.01.2020 para o persoal de intervención.

A táboa salarial aprobada é a seguinte:

ESTRUTURA DA TÁBOA SALARIAL DOS TRABALLADORES DE INTERVENCIÓN DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA A PARTIR DO 01.01.2020



	SOLDO BASE		PAGAS EXTRAS		TOTAL ANUAL B	TRIENIOS		COMPL. POSTO (14 M)		COMPL. ACTIVID. (14M)		TOTAL MES	TOTAL AÑO
	MENSUAL	ANUAL	XUÑO	DECEMBRO		MENSUAL	ANUAL	MENSUAL	ANUAL	MENSUAL	ANUAL		
SARXENTO C-1 NIVEL 22	766,06 €	9.192,72 €	662,10 €	662,10 €	10.516,92 €	37,42 € x Trienio	523,88 € x Trienio (14 pagas)	542,45 €	7.594,30 €	730,40 €	10.225,53 €	2.024,05 € + Trienios	28.336,75 € + Trienios
CABO C-2 NIVEL 18	637,57 €	7.650,84 €	631,76 €	631,76 €	8.914,36 €	37,42 € x Trienio	523,88 € x Trienio (14 pagas)	420,05 €	5.880,70 €	642,45 €	8.994,33 €	1.699,24 € + Trienios	23.789,39 € + Trienios
BOMBEIRO C-2 NIVEL 16	637,57 €	7.650,84 €	631,76 €	631,76 €	8.914,36 €	37,42 € x Trienio	523,88 € x Trienio (14 pagas)	372,32 €	5.212,48 €	536,91 €	7.516,80 €	1.545,97 € + Trienios	21.643,64 € + Trienios

Notas:

As contías de retribucións básicas, pagas extraordinarias e complemento de posto son as fixadas actualmente para todo o persoal funcionario das administracións públicas no grupo correspondente, sen considerar o previsible incremento retributivo do 2 por cento para o exercicio 2020.

1. Na columna de pagas extra só se considera o salario base. Os complementos van incluídos no complemento do posto e complemento de actividade (14 mensualidades en cómputo anual).
2. Nos complementos de posto e actividade o importe mensual está multiplicado por 14 mensualidades para determinar o total anual.
3. Non se considerou a antigüidade, xa que dependerá da data de contratación de cada un dos efectivos a subrogar. O complemento por antigüidade non será consolidable no seu importe e a súa vixencia esgotarase no momento no que quede aprobada a valoración de postos incorporada na Relación de Postos de traballo (RPT) que se negociará a partir do 1 de xaneiro de 2020 en que será substituída polos valores que para cada grupo de titulación se determine nas diferentes Leis de orzamentos do Estado para aplicar nas Administracións Públicas. A efectos informativos indícase que o trienio está fixado, ata en tanto non se negocie a nova RPT, en 37,42 euros/mes.
4. O resultado do total anual de cada posto foi sacado do importe total aplicado no Consorcio de Lugo, sen considerar a antigüidade, co cálculo do aumento do 1,2% do IPC de decembro 2017 - decembro de 2018.
5. Unha vez obtida esa contía final, realízase a distribución das distintas percepcións salariais con acomodo no art. 74 do EBEP (que deberá materializarse na indicada Relación de Postos de Traballo), realizándose en función da seguinte distribución:

A.- Retribucións básicas: salario inicial de acordo coa categoría de asimilación (C.1, C.2).

B.- Complemento do Posto: asígnase en función da categoría (Sarxento: 22; Cabo: 18; Bombeiro: 16).

C.- Complemento de Actividade: retribúe tódolos complementos que na actualidade está a cobrar o persoal de intervención en función da organización e de acordo coas prestacións a realizar, e entre eles os seguintes:

- i. Responsabilidade: retribúe de forma obxectiva a responsabilidade no exercicio do posto en función da xerarquía na organización.
- ii. Penosidade: retribúe precisamente a penosidade por desempeñar habitualmente o traballo.
- iii. Perigo: retribúe a penosidade polo risco en situacións conflitivas que poden estar aparelhadas ao desempeño de postos relacionados coa seguridade e salvamento de persoas e bens.
- iv. Disposibilidade: retribúe a especial disposición para o caso de reforzos, cubrir baixas, etc.
- v. Dedicación: retribúe a especial dedicación ao servizo
- vi. Especial dificultade técnica: retribúe as características propias dun servizo especial
- vii. Nocturnidade: retribúe os traballos en horarios nocturnos (entre as 22:00 e as 6:00 h)
- viii. Festividade: retribúe os traballos en domingos e festivos

D.- Antigüidade: devéngaranse os trienios nas contías sinaladas anteriormente.



O problema que se presenta é como establecer as retribucións de aquel persoal cando as contratacións sexan inferiores a un mes. Neste caso é posible que a contratación sexa unicamente para unha quenda de 24 horas. Esta esténdese a dous días, e por tanto a alta na seguridade social sería de esa duración. Pero se se establecen as retribucións en función dos días efectivamente traballadores o coste/hora resulta moi inferior ao que lle correspondería a calquera outro traballador conforme a táboa salarial e a razón das 1.800 horas anuais que lle corresponderían segundo convenio. Isto deriva de que con carácter xeral as quendas de traballo serían de 1 día de traballo e 3 ou 4 de descanso, polo que aos que traballan estes períodos tan cortos non se lles aplican os períodos de descanso.

Así pois, para estes casos de contratacións inferiores a un mes considérase máis axeitado a determinación das retribucións por quenda de 24 horas, determinándose o importe a partir do coste/hora que se extrae da división do salario anual para un bombeiro, segundo a táboa salarial de 27.01.2020, incluídas as pagas extras, e entre as 1.800 horas de convenio. Da aplicación do anterior resultan os seguintes cálculos:

Total retribucións anual bombeiro (incluídas pagas extras) (A)	Total horas anuais de traballo segundo convenio (B)	Retribución quenda 24 horas incluída P.P. extra (A/B)*24	Prezo hora incluída P.P. extra (A/B)
21.643,64	1.800	288,58	12,02

O prezo hora reflíctese para todos aqueles contratos que poidan ser inferiores ás 24 horas, establecidas como xornada completa en cada unha das quendas.

Por outra banda, en canto a xestión das nóminas deste persoal, considérase preciso pechar a nómina o día 20 de cada mes, polo que respecto de todos os servizos prestados con finalización entre o día un e vinte de cada mes, percibiranse as retribucións correspondentes antes do último día do mes, xunto co resto de traballadores do cadro de persoal. Respecto dos contratos que finalicen entre o vinte e un e o último día de cada mes, ou os servizos que se presten nese período, percibiranse as retribucións antes do día 15 do mes seguinte. Todo, dado que é necesario dispor dun período de tempo para a tramitación, fiscalización e aprobación das correspondentes nóminas.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno a adopción dun acordo que reflita este criterio interpretativo; pero que tendo en conta que resulta urxente o pagamento dos salarios devengados no mes de agosto, propónse que se adopten estes criterios mediante Decreto da Presidencia e que posteriormente se validen na vindeira sesión do Pleno, e co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Establecer, en aplicación da táboa salarial aprobada en sesión plenaria de 27.01.2020, de aplicación ao persoal de intervención a partir do 01.01.2020, que as retribucións do persoal de bolsa determinaranse segundo o seguinte:

- **Contratacións de duración superior a un mes.-** Segundo as retribucións mensuais establecidas na táboa salarial con carácter mensual, incluída a paga extra.
- **Contratacións de duración inferior ao mes (mínimo 1 quenda de 24 horas).-** Prezo quenda 288,58 € (xa incluída a paga extra)
- **Contratacións de duración inferior a 24 horas.-** Prezo hora 12,02 € (xa incluída a paga extra)

SEGUNDO.- Respecto ás horas de traballo realizadas fora da xornada normal de traballo, ou noutros supostos non contemplados na táboa salarial de 27.01.2020, determinaranse de conformidade co convenio de aplicación no SPEIS onde se teñan a prestar os servizos.

TERCEIRO.- As retribucións do persoal de bolsa percibiranse nos seguintes períodos:

- As retribucións dos contratos de duración inferior ao mes percibiranse segundo o seguinte:
 - As devengadas entre o 1 e o 20 de cada mes (sempre que teña finalizado a contratación antes desa data), percibiranse antes de final de mes.
 - As devengadas entre o 20 e o último día do mes, percibiranse antes do 10 do mes seguinte.



- As retribucións dos contratos de duración superior ao mes percibiranse antes de final de mes, de igual xeito co resto de traballadores do cadro de persoal.

CUARTO.- Publicar no taboleiro de anuncios do Consorcio e dar traslado deste acordo á representación sindical dos traballadores a e todos os SPEIS do Consorcio para súa publicación no taboleiro, para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO.- Someter á validación polo Pleno na vindeira sesión que teña lugar.>>

Ao abeiro do anterior, e considerando a necesidade urxente da determinación dos devanditos criterios polos motivos expostos no informe- proposta, mediante o presente

RESOLVO :

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta nos seus mesmo termos.

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,

Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira.